



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Abril 2020

CONSORCIO |

## O Consorcio desempeña con normalidade o seu labor, a través do teletraballo

O Consorcio de Santiago está a desempeñar o seu labor con total normalidade desde o inicio da crise sanitaria, con todo o persoal activo a través do teletraballo. O organismo interadministrativo está ao día no pago de certificacións, facturas e nóminas; avanza na tramitación de subvencións, licitacións e redacción de proxectos e plans directores, dentro da marxe que permite a suspensión de prazos administrativos. Tamén se continúa na compilación, revisión e deseño das publicacións previstas para este ano.

REHABILITACIÓN |


## O Consorcio acondiciona o cemiterio da Orde Terceira para a súa apertura á cidadanía

O Consorcio levou a cabo as obras de acondicionamento do cemiterio da Orde Terceira Franciscana para a súa apertura ao público, por un importe global de 40.979,90 €. Trátase dun recuncho practicamente descoñecido da cidade que agora se pretende recuperar e facelo visitable. A actuación centrouse na limpeza dos elementos de pedra existentes, así como na mellora dos pavimentos e a reordenación das especies vexetais.

## Avanzan as obras de Bonaval e a instalación dun ascensor na sede do Conservatorio Histórico

Continúan as obras de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego. Estase a renovar a tella da cuberta e trabállase na adaptación do novo ascensor de alta capacidade que se vai instalar no edificio, ao tempo que se avanza na colocación do acabado do chan.

Por outro lado, está a piques de rematar a instalación dun ascensor no edificio situado na Praza de Salvador Parga nº 4, na cidade histórica, sede do Conservatorio Histórico, do Ateneo de Santiago e da Real Sociedad Económica de Amigos del País.



PUBLICACIÓNS |

## Máis de 200 publicacións enchen as 6 bibliotecas que edita o Consorcio



O Consorcio de Santiago leva editadas 208 publicacións desde a súa creación no ano 1992. A área editorial está composta por seis bibliotecas: científica (63), de divulgación xacobeá (60), literaria (39), infantil e xuvenil (25), facsimilar (11) e de imaxes (10). A xerente da entidade, Belén Hernández, destaca o valor do legado que unha colección así supón para a cidade: “Estamos ante un compendio de obras de gran calado en materia de investigación e coñecemento sobre Santiago. A súa dimensión divulgativa é transcendental, e a colaboración das editoriais, imprescindible”. Tal como salienta o responsable de Publicacións do organismo, Juan Conde, “esta biblioteca supuxo un paso importantísimo no campo das publicacións relacionadas coa cidade, xa que os referentes eran escasos”.

MÚSICA |

## #RFGquedanacasa

A Real Filharmonía de Galicia ten en marcha a iniciativa #RFGquedanacasa a través das súas redes sociais: Facebook, Twitter e Youtube. Trátase dunha serie de vídeos nos que os membros da orquestra e o seu director titular, o Mestre Paul Daniel, envían mensaxes de agradecemento e ánimo a “tod@s @s valentes que están a traballar para axudarnos e protexernos nestes intres difíciles”. Ademais, a RFG quere aproveitar esta situación de estado de alarma para levar a súa música a todos os fogares, dun xeito cercano e divertido.

